

SEGUNDA REPÚBLICA ETAPAS (2)

O GOBERNO DE AZAÑA E AS GRANDES REFORMAS

A AUTONOMIA DE CATALUÑA

DIFICULTADES DO GOBERNO REFORMISTA

Desde o inicio da República e as súas reformas houbo unha **forte oposición dos grupos oligárquicos** (terratenentes, Igrexa, empresarios ...) e tamén dun **sector de militares**, que intentaron un **golpe de Estado en 1932**.

Fronte a esta situación **xornaleiros** (ante a lentitude da reforma agraria), influenciados polo **anarquismo** intentaron levar a cabo unha **revolución social**.

As forzas da dereita forman unha coalición, mentres que a coalición do Goberno acabou por romperse a finais de 1933. Varios foron os fronts que xurdiron contra o Goberno:

○ **Sublevación de Sanjurjo**

O 10 de agosto de 1932 José Sanjurjo encabezou un levantamento militar en Sevilla contra a República. Contou co apoio de militares monárquicos e latifundistas andaluces. O Goberno controlou a situación e detivo e condenou aos participantes. Ante isto republicanos e socialistas achegan as súas posturas, permitindo a aprobación de certas leis:

- Estatuto de Autonomía de Cataluña
- Expropiación de terras da nobreza implicada no golpe
- Aprobación da Lei de Reforma Agraria

○ **Conflitividade social**

- A reforma agraria foi obstaculizada polos grandes e medianos propietarios, que en moitos casos, deixaron de sementar a terra e non contrataban braceiros. Como protesta os sindicatos convocaron folgas e manifestacións en Castela, Andalucía e Estremadura. Tamén se ocuparon terras.
- O suceso máis trágico foi en **Casas Viejas (Cádiz)**: o 10 de xaneiro de 1933 os seus habitantes proclamaron o **comunismo libertario, colectivizaron as terras, cortaron as liñas telefónicas e cavaron trincheiras**. A represión foi moi sanguinaria: os campesiños sublevados foron acurrallados e algúns queimados na casa, outros fusilados. Estes feitos foron utilizados polas dereitas para desprestixiar ao Goberno.
- Os máis radicais querían acabar con esta República que cualificaban de burguesa e de non atender as demandas do pobo

○ **Reorganización das dereitas**

Xorden novos grupos de dereitas (ver cadro da páxina 304) que están descontentos coa lexislación reformista e laica da República:

- Unha minoría apoia organizacións de ideoloxía fascista. Defendían:
 - A unidade de España,
 - A superioridade do Estado sobre o individuo
 - Rexeitaban:
 - o parlamentarismo
 - a democracia
 - os partidos políticos
 - o capitalismo
 - Partidarios do emprego da violencia para combater aos seu inimigos (marxistas, comunistas, anarquistas)
 - Fúndanse varias organizacións:
 - Ramiro Ledesma Ramos fundou en 1931 as **Xuntas Ofensivas Nacional Sindicalistas (XONS)**
 - En 1933, Jose Antonio Primo de Rivera funda **Falange Española (FE)**
 - En 1934, estas organizacións fusionáronse e deu lugar a FE-XONS. Os seus seguidores eran xente moza. Tiñan como distintivos a camisa azul, o xugo e as frechas (emblema dos RR.CC. como símbolo da unidade de España-
- **Conservadores** nostáxicos do pasado, fundaron **partidos** de carácter **monárquico e autoritario** como :
 - **Comuñón Tradicionalista** (1931), formada por carlistas. Monárquicos
 - **Renovación Española** (1933), formada por afonsinos e liderada por **Calvo Sotelo**. Monárquicos
 - A Confederación Española de Dereitas Autónomas, **CEDA** (1933): non lles importaba o tipo de réxime (república ou monarquía), pero si a **defensa da propiedade privada e dos valores do catolicismo**. O seu líder era **José María Gil Robles**

○ **Ruptura da coalición gubernamental**

- As dificultades que causaba a falta de entendemento entre os membros das forzas do Goberno, a presión das dereitas, e a perda de apoios populares (resultados das eleccións de 1933) provocaron a **ruptura da coalición**: Azaña dimitiu e **Lerroux formou novo goberno**, pero ao non conseguir dominar a situación dimitiu.
- O Presidente da República, Alcalá Zamora **convocou eleccións xerais** para novembro. As dereitas preséntanse unidas (CEDA, Renovación Española, agrarios e independentes que querían a revisión da Constitución e paralización das reformas)
- Os republicanos e socialistas preséntanse por separado na maioría das circunscricións
- Os anarquistas chaman á abstención.
- As mulleres exercen o voto por primeira vez

ELECCIÓNS DE NOVIEMBRE DE 1933

BIENIO DE DEREITAS. NOVIEMBRE
DE 1933 A FEBREIRO DE 1936